


Un paxarín de papo amarelo



Xoán Babarro

Erguerse


Levántase á alba
con chifros e chelos
e esperta cos chirlos
durmidos paxelos,
decora con soles
toxeiros... –imperios–
e vén a contarche
noticias..., misterios...

–E a ti quen cho dixo?

–Papín Amarelo.


–Que máis che contou?

–Se les este libro, xa podes sabelo.



A casa

Que alegría ter casa!
Ter un arrimo!
Paxarín fixo a súa,
fixo un bon nío,
en Penúltimos Verdes,
ben escondido,
con escolas e tendas,
centos de amigos,
praias de brancos lenzos,
montes floridos...
Tantos pinchacarneiros
de alegres ríos,
que eu diría que habita
nun paraíso!



Lentes de lúa

A curuxa, fantasma,
búa... que búa...,
fai as compras *online*
desde as alturas.

Capotes xaspeados,
botas de pluma,
varios lentes a xogo
–ten que ter mudas–.

Pon os que son máis claros
nas noites nubras;
polos grandes luares,
gasta pintura.

Serán lentes de sol?

Non... Son de lúa.

A curuxa, coqueta,
búa... que búa...



Arrob@

Punto.cómic@.

Punto.básic@.

Punto.lúdic@.

Punto.máxic@.

Punto.irónic@.

Punto.enfátic@.

Punto.bélic@.

Punto.errátic@.

Punto.hipócrit@.

Punto.tráxic@.

É arrob@ un corazón...

Pode viaxar a Si.

Pode viaxar a Non.



Pirata Pésigo

Vai sen mascota,
vai sen trabuco;
pero encantado
e tan farruco.

Pirata Pésigo
chegou en barco
cun cofre enorme
ben precintado.

Grandes riquezas
dentro escondía:
seiscentas gouñas
—que regalía!—.

Aló por Trelles
mercou un campo
e aquel tesouro
puxo enterrado.

E cambiou mares
e bucaneiros
por un gran campo
de pesegueiros.

Nel vive Pésigo
superfeliz.
Na súa senra
canta a perdiz.



Miar solitario

Era unha bola peluda que soñaba.

Era un pendón levantado que acariñaba.

Era un acento circunflexo que arrabuñaba.


Era un gato sebardoso dun “mícaro!” que miaba.

Era, na noite, un ser perdido na nada.



Un chucho

Un perfume que me envolve,
unha maxia que me atrapa,
un abrigo que me tapa,
un abrente de mañá,
pastel que sabe a mamá.
Moá...!



Escribiiiiir

Barruzo aparcou a nube,
puxo a marcha en ralentí
a escribir sobre da tarde
chis-qui-nis-qui-niscos de iii.

Vociferan os faros
chinisqueantes
abecedarios.

Os barcos, lonxe,
imaxinando portos.
Xentes á espera.



Xornada de caza

Brúos traidores.

Lento sangrar de cerzos.

Os cazadores.



Que pensarán os cervos?

Que pensarán os cerzos?

Que pensarán os *certos*?

Libro

A figueira
ten un libro.
Entre as páxinas,
os figos.
Don Outono
vén a ler.
As avespas,
a lamber.
Malpocado
don Inverno!
Nin vai ler.
Nin vai lamber.



Magosto de Rato Pérez

Sopran os ventos
nos castaños.

Terán telergas?

Velos riseiros?

Rin e regañan.

Rin e regañan.

Son dentes novos

ou son castañas?

Rato Pérez, tan disposto,

fai con todos un magosto.



**Florín-coral-coral-florín,
sen cebola nin cebolín**

Marchaba un rei de campaña

–florín-coral–

por apartado confin

–coral-florín–

e, avistando un erbedeiro

–florín-coral–

con pendentes de carmín

–coral-florín–,

enunciou desde a carroza

–florín-coral–

“este albedro é para min”

–coral-florín–.

E alá van os mandadeiros

–florín-coral–

tomalo como botín

–coral-florín–

e chantalo de bandeira

–florín-coral–

naquel reino de xardín

–coral-florín–.

E, despois de tal plantada,

–florín-coral–

decretou un paladín


–coral-florín–

que en vez de espetar cebolo


–florín-coral–

espetasen *erbedolo*

–coral-florolo.



Pirámide




De
Navia
a Nubia
Castrillón
castro de Pencia
dolmen de Entreríos
pasadizo de Penafurada
Chao Samartín con Roma incorporada
pesadumes de Ibias en montañas peneiradas
Pedrafitas do Cebreiro relustrando travesías evocadas
todo nilo rega inmensa pirámide de fatigas escalonadas.

Soños dun pegureiro

Tirafonda
pacifista,
non cruel,
ecoloxista,
non ficticia,
realista,
non de clase,
pluralista,
non inculta,
humanista,
non avara,
altruísta...

Este pastor foi rexistrar a súa fonda
a un cuartel,
pero unicamente contaba
cun coiro e un cordel.



Asteriscos

Foupa Folepa
pon un abrigo,
pano de neve,
forro de frío.

Foupa Folepa
ten cen mil primas.
Xoga con elas
ás pantomimas.
Son asteriscos
nas altas cimas.



Día da Paz

Vaia un quiñón
para quen transforme en vivendas
un barracón.

Vaia un quiñón
para quen poña pacifismo
na irritación.


Vaia un quiñón
para quen torne a cero
a migración.

Vaia un quiñón
para quen arme con flores
un batallón.

Vaia un quiñón
para quen deteña en cada guerra
un corazón.

Vaia un quiñón
para quen mude fame
por nutrición...

Vaia visión!
Valería este armador
máis dun quiñón.



Visión da Grande Zimbawe

Maxinou que quería
ser Ecuador
para abrazar a Terra
toda en redor.

A pequena Zimbawe
–foi unha vez
que era noite estrelada
na redondez–


quixo levantar pedras
desde a raíz.

E, audaz e decidida
–que infeliz!– ,

convocou as murallas
pola deshora,
as que apartan, prohiben...,
as xebradoras.

E entre todas formaron
inmenso lazo
como cinto da Terra
–miúdo abrazo!

E –contan as murallas–,
naquel momento,
desterraron os odios
dos pensamentos.



Día da Lingua Materna

Materna, paterna,

filial, fraternal...

A nosa lingua é

fenomenal!

Eu, despois deste día,

hei seguir celebrando

os trescentos sesenta e...

de euskera, castellano,

galego, aragonés,

catalán, asturiano...

e os idiomas nativos

que poden incluír

os puntos suspensivos.



–Será con interrogante?

–Non, non... É con importante!

Materna, paterna,

filial, fraternal...

A nosa lingua é

fenomenal!

Olimpíadas de inverno

Na tarde avesía
castañeteaban
as ramas espidas.

–Mamá, tocan os dentes aterecidas?

–Non, non... Son os ventos
das olimpíadas.

Xogan ás bólas

–porfia que porfia–

coas verrugas cuquelas;

“truquematruque!”, “truquematruque!”

baten con elas.

–E encontrarán algún goá?

–Quizais mañá...

–Vale, ma...!



Menú de Pisorgo Lardeiro

Entre Marzo e mais Febreiro
fai turismo tío Lardeiro.

E xanta de restaurante,
por creerse máis importante.

–Ponme varios embutidos,
unha sopa de cocido,
dous chourizos, un lacón,
unha peza de rapón,
un galón en forno asado,
chuletón pouco pasado,
chaifaino con moscatel
e, de remate, un pastel.

–Nunca vin tan gran bandougo!

–É que arrastro un desacougo:
despois de pasado este ano
vou comer vexetariano.



Canción satírica de Charca Escasa

“Xabaril
eslamizado,
tamboril
esfarrapado!

“Focico de trapo,
rabo de papel,
dente de manteiga,
patas a granel!”

Charca Escasa
daba brillo de día
á súa casa.

Que desespero!
Pola noite emboutaba
don Cocho Fero.




Barca en alingó-lingole

Alingó-lingole,
as ondas fuxían.
Alingó-lingole,
a quen levarían?

Alingó-lingole,
os montes tornaban.
A lingó-lingole,
a quen bandeaban?

Alingó-lingole,
un berzo estremece.
A lingó-lingole,
un home perece!

Un verso solto
na traxedia dos mares.
Rima de náufrago.



Al Calvin, Antolín e Benxamín

Eran tres os trobadores
dos palacios de In En On,
reino máxico encerrado
nunha nota de canción.

Calvín trobaba en Pardiñas,
Antolín en Piantón,
Benxamín daba sentido
ás linfas de Miñagón.

Ás terras de Polisemia,
paralelos universos,
chegaron desde In En On,
dos tres trobeiros, os versos.

E foron tres adxectivos,
a coma e a conxunción
a cantar en compañía
dos xogares de In En On.



Míster Karaoke

Míster Karaoke
pensa que é artista
de rebiliscoque.

Mirando a pantalla,
fai mil piruetas
enfundado en malla.

Le un chisco lento,
perde letra e música
a cada momento.

Pero soña a diario
que a vida se vive
sobre un escenario.

E aflora un cliente.
Unha oferta en serio
desde Sol Nacente.

–Chaman de Xapón.
Queren contratarte.
–Menos dun millón...

Que si e que non...
Míster Karaoke
acaba a función.



Miss Influencer

Contan que en tempos ignotos
navegaba unha xirafa
polos mundos virtuais
coma pola propia casa.
Tanto, que nin reparaba
que marchaba a 4 patas.
“Eu quero ser... Eu serei...
–dixo un día tan oufana–.
Eu quero ser *influencer*,
que vou na moda avezada”.
Todos torcen os focicos
coas caras máis que estrañadas,
porque ven un desatino
na vocación da xirafa.

Pero, ela, cumpriu coa zuna
de mostrar traxes a manchas;
para encontros, polavilas,
safaris e festas varias.
E, despois de certo tempo,
falou así coa bufanda:
“Voume pasar aos calzados.
Traxes xa lucín a esgalla”.
E, pensando en taco alto,
programou enorme gala.
“Dous pares –son 4 pés–,
con coxén disimulada,
dúas cuartas de tacón...
Vou ser a *xiganterafa*”.

E aló acudiron todos
a ver como se apañaba



cos zapatos elevados
andando pola sabana.
Tatatachán!, toca a música.
Empeza a cambaleada.
Que difícil desfilas
sen levar unha morrada!

E, absorta nesta materia,
apareceu un león
e abandonou de repente
os zapatos de tacón.

Día da Terra

Cantaba Papo Amarelo
engalando polas auras
desde un campo de colores,
sobre regueiros de prata.

Navegaban 4 lúas
rodeadas de esperanzas
con velas feitas de tule
sobre indescritibles barcas.

–Que tan guapa vai a Terra!

–Que bonita a nosa casa!



Chufarrada da raposa ás pitas

Como me agradan os vosos cantares!
Como me encantan os vosos andares!
Como me gustan os vosos capelos!
Como me perden os vosos mantelos!
Tanto me reinan as vosas chinelas...
Máis de un millón daría por telas!




Chufarrada das pitas que sabían ler *fake news*

Que raposa tan garbosa, quiquiriquí!
Que raposa tan galana, cacaracá!
Que zapatos de veludo, quiquiriquí!
Que boca de filigrana, cacaracá!
Que capote de entretempo, quiquiriquí!
Xa quixeran as madamas, cacaracá!

Cuadrante

Papín goberna un bote
en procelosa vaga:
por E, os ameiceres,
por N, as enramadas.

Un bote solitario
que acariñan os ventos:
imaxinan periplos
seis remeiros que hai dentro.



Serra mar

Oh, Rañadoiro!

Flor de intrépida neve.


Mar azulado.

Neve

doiro

mar

descender e escalar.



Xogando á oca


“De ganso a ganso,
tiro, porque non descanso”.

“Das Pontes de Gatín á ponte del Espín,
tiro, porque me toca a min”.

“De Navia a Navia,
tiro, porque me sobra labia”.

Xogando á oca,
a neve derretida,
sempre de moca!

As espumas,
con vocación de marear,
fretan as súas barcas sen descansar.



Conto da tía Sinonimia

Nos tempos en que se tomaba
leite con galletas para almorzar,
contábase que un escritor

–como me presta!,

como che presta!,

hache prestar!–

utilizaba un único verbo.

Era “prestar”.

Tía Sinonimia,

así que descubriu tal recurso,

puxo unha denuncia.

Entoncias, falou Sabio Dicionario,

tan comprensivo:

–Tómame, como medicina, cinco adxectivos:

gustoso, pracenteiro, delicado, agradable, divino.

E desde aquel día

–como me encanta!,

como che gusta!,

hate embruxar!–

este escritor quedou curado de “prestar”.



Foleto Folgueirón

Don Foleto Folgueirón,
os invernos, dun tirón.

En chegada a primavera,
acabáronse as esperas.

Capitán ergue pendón
seguido dun batallón.

E conquistan –raposeiros–
prados, montes, bosques, eiros...

Que vén frío! A descansar!
Hai máis terras que asaltar.

As folgueiras –renarteiras–,
campas, senras, hortas, eiras...



Fada Poesía

Chegou con Primavera,
abriu todos os libros,
mandou por *Whatsapp* fotos
a amigas e amigos.

Paisaxes con epítetos
de brancas cereixeiras,
con neve de metáforas
cubriendo hortas e leiras.

Por fondo de pantalla,
un símil de cereixas,
que son rubios pendentos
da luz que aínda é pequena.

Cuartetas retratou,
cantigas, odas, festas...
Despois, adormeceu
na rama dunha xesta.



Soñador ambulante

Ven, que regalo
peros, arandos,
cucas, panqueixos,
tordos cantando,
que son nas bouzas
tal un comando,
de mato en mato
revoliscando!

Na brava Serra,
de fresco manto,
aló nos cumes
que van en bando
cara ás estrelas
que andan soñando,
para os meus versos
teño un recanto.




Árbitro

Hei amañar un chifro
con cana de alcacén,
hei facer unha gaita
que toque en leixaprén.

Que toque en leixaprén
en todos os recantos,
que reparta a conciencia
dos partidos os tantos.

Dos partidos os tantos,
os múltiples proveitos;
neste xogo da vida
todos temos dereitos.



Teatros Alfareme

Alfareme-eme era un trapo antigo
que xa fora roupa, xa fora zurcido.

–Alfareme-eme, queres ser camisa?
–Non, porque tería as mangas de risa.

–Alfareme-eme, queres ser abrigo?
–E quen andaría vestido comigo?

–Alfareme-eme, que queres ser?
–Unha marioneta das de andar e ver.

–Con tanto teatro, como vas poder?
–Neste trapo roto todos han caber.

Alfareme-eme vive tan feliz!
Superorgullosa de ser unha actriz!




Ventá

Gústame ver os barcos
pintando as ondas.

Gústame ver os ventos
movendo as frondas.

Gústame ver a lúa
papel cebola.

Gústame ver as nubes
– “ola!”, ola!”, “ola!” –
apoleiradas altas
ás garabitolas.



Tren...bala


T-r-e-n—de—l-a-t-a-s

Este é un conto dun tren bala
que, tan pronto arrancaba, xa regresaba.

Este é outro conto dun tren de latas
que pitaba e esperaba, que fre

Os dous competiron nas tren-olimpiadas.

Pero fáltame saber en que categoría.



Chorro-morro-pico-taina


Riba da tarde
buscan un foro
e xogan xuntas
a chorro-morro.

Corren e saltan
—que tarambainas!—.
As pegas xogan
a pico-taina.

Son heroínas
con purpurinas,
con brillantinas,
polas esquinas.

Ai, vén a noite!
Vaia ruína!
Cortan de golpe
cega rutina.

En chorro-morro
acaba a festa.
En pico-taina,
dentro da cesta!




Paporrubio

Papín ten un xemelgo
que vive nun xardín:
hortensias, azucenas,
xeranos, alelís,

un mato de roseiras
e sebes de arraián,
un estanque redondo,
papel de celofán,

unha enorme palmeira
chufándose coas lombas,
un salgueiro chorón
con cabeleira en tromba.

Hai tamén un recanto
–ben secreto, abofé!–
onde Amarelo e Rubio
poden tomar café.



As App das nubes

As nubes saben de Tempo Bon
a través dunha aplicación
creada por Atmosfera para toda a súa clientela.


Que é “bon tempo” para elas?

Érguense, estíranse, tórcense, retórcense,
desfilan enbolicadas pola pasarela...

Última moda en pinguelas!

Vexo unha nube full
que emprata a comida en azul.
Debe ter unha aplicación para mercar coliflor.

Que primor!



Amoras

As amoras maduras
son caramelos.
Vai a tenda compralas
Papo Amarelo;
porque as súas seis crías
son seis queixelos
de enfnar lambiscadas.
–Ai, que desvelo!

Esta tenda da silva
de Paxarín
ten de sobra existencias
pra ti, pra min
e pra encher de morados
un escarpín!



Parzamique das pillaras

E díxome-díxome...

E deixa que xa...

E vai saber se...

E mira se tal...

E pía que pía...

E dá que falar...

E días de risas...

E despois verás...

E agora inda pasa...

E verás mañá...

E pode ser certo...

E non che será...

E ha de ser ben menos...


E se fose máis...?

E está ben de leria...!

E se imos pillar...?

Píllaras...! Píllaras...! Píllaras...! Pillar...!

Salpicaban de alegrías
a tarde, que decaía.




Canto das visitadoras de flores

Chegaron os estoupois
polos socalcos de Ibias,
por Grandas..., Os Gargalois...
Dedaleiras da alborada,
carapuchos de abellois,
milicroques, estraloques,
abelurias..., mil pendois!
Ilusionados os montes,
alegres os corazois.



Escalibur de ferreiro

Aló nos Ozcos de antano
en cova que dá pavor
entre berros e lamentos
moraba feroz dragón.
Atacaran cen lanceiros,
atacara un batallón;
pero, por máis que atacaron,
con vida ningún tornou.
E ordena buscar El-Rei
un valente, sen temor,
que acabe coa tiranía
de tan fero ditador.
“Quen consiga a gran proeza
de regresar vencedor
casará coa infanta herdeira,
será colmado de honor”.
E vai presentarse un mozo,
ferreiro de gran tesón
–pois antes, infanta e mozo
xa se xuraran amor–.
“Hei derrotar ese monstro
e inda me ha sobrar valor”.
E no remol da súa fragua
potente espada forxou,
fundindo aceiro invencible,
e cara aos montes se foi.
Sete días..., sete noites...,
onda a cova se chantou.
Despois dos sete seguidos,
regresara triunfador.
E proclaman a vitoria



con voda e celebración
e con dúas altas torres
en sinal daquel amor.

E, agora, das dúas torres
que El-Rei erixir mandou
recorda a historia completa
un palacio que hai en Mon.

Dúas nubes que xogaban a nomes propios

Carballo del Cuito,

Vilar de San Pedro,

Folgueiras de Boiro,

A Braña de Alguerdo,

Teixedo de Ancares,

Porto do Cebreiro,

Moral de Valcarce,

Pousada do Bierzo,

Parada de Souto,


Pradorramisquedo,

Portela da Canda,

Lubián, Padornelo...

E vén Portugal

con nomes xemelgos!



Eñe eñe eñe

Trabalinguan en Muñón

“piñeiro, piña, piñón”.

Trabalinguan en Pardiñas

con “piñeiro, piñón, piña”.

Como riman nos Niseiros

para ter trabalingüeiro?



Eu...

–Eu..., unha rosa!

–Eu..., unha risa!

–Eu..., emoción!

Ouria, Bres e Molexón...


–Eu..., alelí!

–Eu..., alalá!

–Eu..., corazón!

Ouria, Bres e Molexón

enredaban a “quen son?”.



Nana para Lía

Cantando, engalando
chega un paxarín
coa canción máis guapa
que hai en San Martín.

Durme, linda Lía,
que cha vou cantar
con dous carneiros,
con pingas de mar.

Durme, eh rurrú!,
empeza a soñar,
que os dous carneiros
xa queren tocar.

Ras-ras! Eh...! Rurrú!
Rurrú! Eh...! Ras-ras!




Celulosa

Pesarosa
de chamarse Celulosa,
un día protestou coa cheminea, altísimo o:
“Quero que me digades Luló”.

Pero agora, ansiosa,
anda a cambiar a nome de rosa:
Lavanda, Caléndula,
Camelia, Lobelia, Magnolia,
Amarilis,
Cempasúchil...
Será útil?

Cada mañá,
as antigas forestas
na señardá.




Rara Avis Punta^{suspensiva}

“Portas esmouqueladas,
cancelas escadriladas,
paredes espedregadas...
estarabouzan na noite
como fantasmas en abertal.

Que mal!

Hai que buscar desesmouqueladores e desesmouqueladoras,
cadriladores e cadriladoras,
pedregadores e pedregadoras...,
para que escalen, encalen, apuntalen, acristalen...
este paraíso terreal”
–dixo Rara Avis falando en plural.



Patefa

Saltariquética,
patacoxética,
poligonética,
tan patefética...!

As alegrías,
os balanceos,
os berros ceibes,
xogar arreo...
Patefa máxica,
noso torneo!



Maga Ortodoncía

Aló en País de Rosas,
entre os narcisos e as calas,
vivía unha fada nena
que Ortodoncía se chamaba.
Xogaba entre as azucenas,
os magnolios, as albacas...
e nos perfumes e os brillos
podía descubrir maxia.
–Que queres ser de maior?
–dixeron un día á maga–.
–Eu vou ser unha dentista,
para debuxar nas caras
alegrías e sorrisos;
nada de penas que mancan!

Unha vez que foi maior,
trasladou a súa casa
e aló en País de Risas
estableceu a morada.
Contentos de Margarida,
festas de Xacinto e Dalia,
optimismos, alborozos
de amigos e amigas varias
soubo pintar del tal xeito,
que é imposible igualala.

E así remata esta historia
da ortodoncista maga
que xuntou Rosas con Risas
dentro dunha mesma cara.




Este meu queiro

Probando meles
dos abruñeiros,
este meu dente
vai de primeiro.

Partindo noces,
en fortaleza,
este canino
vai de cabeza.

Catando queixos,
rico bombón...,
este cabeiro,
é campeón.

Este canteiro,
este meu queiro
ben podo usalo
como punteiro.




Cortín

Cortín é unha galaxia
de sistemas planetarios.
Pequenos astros completan
traxectorias a diario
por flores,
por sabores,
por herbarios.
Marcha a luz. Remata a órbita.
Que tan duro itinerario!
Pero, dentro dentro dentro,
forman novo firmamento.

Tan lindos astros!
Tan rico mel!
Tantos planetas
en torno del!

Nave invasora.
A coca velutina
durmindo fóra.




Nía Paxarúa

Nía Paxarúa
anda cun pincel
a pintar os días
de color pastel.

Ai, que pinta trinta!
Ai, que trinta e un!
Ai, que pinta en Tapia!
Ai, que en Viladún!

–Nía Paxarúa,
que queres pintar?

–Con dous arcos iris,
un inmenso mar.



Deitarse

Luminaria escondeuse
tras das montañas
e Rubián, melancólica,
sen unha casa,
vaga por entre as nubes
extraviada!

Paxarín Amarelo
vai abrigala
coa bufanda de plumas
lustrosas..., brandas...
E, en papo tan prestoso,
espera a alba
e esperta cos albores
da madrugada.



